

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 22.04.2021 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de abril de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 13576 (11/CPC-000022)
Do Sr. director xeral de Inclusión Social, por petición propia, para informar sobre o balance das medidas implementadas pola Consellería de Política Social no ámbito da Inclusión Social dirixidas ás persoas e familias en situación de risco de exclusión social motivado pola pandemia da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118, do 31.03.2021

Punto 2. Preguntas

- 2.1 12086 (11/POC-002086)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre os resultados do procedemento de acceso aos graos I a IV da carreira profesional no Sergas correspondente ao ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021
- 2.2 12309 (11/POC-002118)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa información referida ao estado de vacinación da cidadanía contra a covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021
- 2.3 12376 (11/POC-002123)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación en que se atopa o transporte sanitario non urxente na Estrutura Organizativa de



Xestión Integrada da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

María Corina Porro Martínez

Presidenta da Comisión

María Corina
Porro
Martínez

Firmado digitalmente por María
Corina Porro Martínez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Corina Porro Martínez,
email=corina.porro.gonzalez@par
lamentodegalicia.es
Fecha: 2021.04.14 13:29:23
+02'00'



Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 14/04/2021 13:29:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 14/04/2021 13:41:28
Nº Rexistro: 3528
Data envío: 14/04/2021 13:41:28.552

CSV: REXISTROT8HsVDpY36
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13576(11/CPC-000022)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Inclusión Social, por petición propia, para informar sobre o balance das medidas implementadas pola Consellería de Política Social no ámbito da Inclusión Social dirixidas ás persoas e familias en situación de risco de exclusión social motivado pola pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, 118, 31.03.2021

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego – do Director Xeral de Inclusión Social, para informar sobre o **balance das medidas implementadas pola Consellería de Política Social no ámbito da Inclusión Social dirixidas ás persoas e familias en situación de risco de exclusión social motivado pola pandemia da COVID-19.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSX-REXISTRO00yr5648U9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13576
Data envío: 25/03/2021 14:10:24.073



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/03/2021 14:10:16

CSV REXISTRO6yn584U9
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 12086(11/POC-002086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os resultados do procedemento de acceso aos graos I a IV da carreira profesional no Sergas correspondente ao ano 2020

Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Figueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Podemos definir a Carreira Profesional como un sistema de incentivos baseado no recoñecemento expreso de categorías obtido pola dedicación e cualificación alcanzada polos profesionais sanitarios no exercicio do conxunto de funcións que lle son propias.

A carreira profesional vai ligada dun modo lóxico ao traballo, representa unha oportunidade de mellora e consolidación de recompensas profesionais e mellores condicións de status, funcións e retribucións que se van obtendo dun modo sucesivo e progresivo, e son consecuencia dos avances tanto na preparación como na responsabilidade profesional ao longo do tempo.

Mediante resolución do pasado 20 de Novembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, convocouse o procedemento de acceso aos graos I a IV de carreira profesional, correspondente á convocatoria do 2020.

Preto de 14.000 profesionais do Sergas, entre licenciados, diplomados e técnicos de FP, persoas do ámbito da xestión e servizos, estarían en disposición de poder solicitalo.

É un procedemento voluntario ao que todo o persoal do Sergas e o dos entes adscritos tanto á Conselleira de Sanidade como ao Servicio Galego de Saúde se pode acoller.

O día 4 de xaneiro remataba o tempo para solicitar ese novo ascenso no grao da carreira profesional.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2021 12:21:42
Nº Rexistro: 12086
Data envío: 04/03/2021 12:21:42.332

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados tivo o procedemento de acceso aos graos I a IV de carreira profesional no Sergas correspondente á convocatoria do 2020?

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2021 12:21:42
Nº Rexistro: 12086
Data envío: 04/03/2021 12:21:42.332

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/03/2021 12:18:10

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 04/03/2021 12:18:32

José Alberto Pazos Couñago na data 04/03/2021 12:18:43

Noelia Pérez López na data 04/03/2021 12:18:55

María Corina Porro Martínez na data 04/03/2021 12:19:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/03/2021 12:19:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/03/2021 12:19:43



CSV REXISTRO: R0GMSKwaUg5

Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 12309(11/POC-002118)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa información referida ao estado de vacinación da cidadanía contra a covid-19

Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12309
Data envío: 09/03/2021 14:10:40.782

Á Mesa do Parlamento


Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia. Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

Dentro da operativa dos procedementos, a citación de persoas para vacinarse implica a posible confirmación ou non da súa presenza, pero non é sabido se a confirmación da vacina por cada persoa é un dato tratado e confirmado en base de datos do Sergas. Debido a esta operativa concreta dos procesos, onde a confirmación de nome que corresponda coa citación é suficiente para acceder á vacinación sen ter que presentar un documento oficial que acredite a identidade da persoa a vacinar, dificultará un control absolutamente estrito das persoas concretas que se vacinan ou non.

A esta situación descrita cabe engadir que a convocatoria da poboación xeral por idades non é o único criterio, como é sabido, pois existen outros grupos obxectivo como o persoal de residencias, persoal sanitario, docentes, etc. Este proceso pode ser actualizado no futuro inmediato no que, polos motivos que fose, poderían ser abertos novos grupos de vacinación específicos para grupos considerados de especial risco ou de interese específico para ser vacinados.

Ante todo este escenario é necesario ter en conta tamén a incerteza existente por parte da cidadanía pola situación vivida, a confluencia de información de fontes diversas, a confusión que poden xerar distintos axentes de comunicación con información contraditoria e a ausencia de campañas pedagóxicas e de información claras á cidadanía por parte do Sergas. Debido a todo isto, é imprescindible ter en conta todas as posibles situacións por moi difíciles ou inexactas que parezan dende un criterio científico – organizativo. Entre estas



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12309
Data envío: 09/03/2021 14:10:40.782

cuestións está a posibilidade de que algunhas persoas, como resposta ao medo e incerteza creada pola pandemia teñan a tentación de pasar dúas veces pola vacinación, baixo a errónea idea de que iso garantirá mellor a súa protección. Tamén existe a posibilidade de que algunha persoa poida entrar no erro de vacinarse confirmando en substitución doutra persoa, alterando os datos que o Sergas poida manexar.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia un sistema de base de datos que almacene a información de quen está vacinado e quen non?
2. Como pode garantir o goberno da Xunta de Galicia que non existirán erros preocupantes de posibles dobres vacinacións por parte dalgunha persoa?
3. Como pode garantir a veracidade completa da información que recolle en funcións da operativa loxística que se observa nos procesos de vacinación?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2021 14:05:04

Marina Ortega Otero na data 09/03/2021 14:05:12



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 22.04.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 12376(11/POC-002123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación en que se atopa o transporte sanitario non urxente na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña

Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 10:09:18
Nº Rexistro: 12376
Data envío: 10/03/2021 10:09:18.169

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa o transporte sanitario non urxente na EOXI da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A UTE Servicios Sanitarios de La Coruña é a concesionaria do transporte sanitario non urxente, ambulatorio e hospitalario, así coma tamén do transporte hospitalario urxente na área sanitaria da Coruña desde o ano 2006 ata a actualidade.

Aínda que a Administración é a responsable do labor de vixilancia do cumprimento dos contratos asinados, este control non se chegou a producir e desde o comezo da prestación do servizo véñense detectando numerosos incumprimentos do contrato establecido por parte da mencionada UTE. Estes feitos foron denunciados en numerosas ocasións por parte do persoal e sindicatos sen que se chegasen a reverter en ningún momento.

Un destes incumprimentos é o feito de que mentres que no prego de prescricións técnicas se estipula que a dotación de vehículos sería, cando menos, de 47 ambulancias para toda a área da EOXI da Coruña, a frota da empresa é moito menor.

Outro exemplo disto é que non se está cumprir a dotación de persoal mínimo das ambulancias asistenciais de clase C. Segundo o disposto no Decreto 52/2015 a dotación

CSA-REXISTROQUINILAS56
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 10:09:18
Nº Rexistro: 12376
Data envío: 10/03/2021 10:09:18.169

mínima estaría composta por unha condutora e unha enfermeira, coa posibilidade de habilitar a unha médica no caso de que a asistencia que se vai prestar o requira. Non obstante, a pesar de que no contrato asinado co Sergas figura a existencia de 4 ambulancias tipo C que deberan estar dispoñibles as 24 horas dos 365 días do ano, esta UTE non conta con persoal de enfermaría na súa plantilla aínda sendo a empresa concesionaria quen debe pór a disposición estas profesionais.

Toda esta situación vese agravada na actual pandemia, onde incluso se contraveñen as normas de saúde pública. A pesar da existencia de numerosas normativas que prohiben o transporte colectivo de pacientes con enfermidades infecto-contaxiosas, actualmente estase a vulnerar este punto ao trasladar todo tipo de pacientes sen ter en conta as súas esixencias específicas. Ademais do risco que isto supón para os propios doentes, moitos deles nunha situación de compromiso inmunolóxico, tamén o é para terceiras persoas como pode ser o propio persoal sanitario que realiza estes traslados. Do mesmo xeito, tampouco se cumpren os protocolos establecidos para a limpeza e desinfección dos vehículos despois de transportar a pacientes que precisan precaucións de illamento.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o transporte sanitario non urxente na EOXI da Coruña?

. Está o goberno velando polo cumprimento do prego de contratación asinado entre a empresa e a Administración, así como polo respecto á normativa vixente neste campo?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 10:09:18
Nº Rexistro: 12376
Data envío: 10/03/2021 10:09:18.169

. Cal é a razón pola que o goberno galego non está a actuar para mellorar as deficiencias denunciadas polo cadro de persoal?

. Que medidas ten contempladas para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/03/2021 09:52:19

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2021 09:52:38

Mercedes Queixas Zas na data 10/03/2021 09:52:48



CSV REXISTRO: OUIA566

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>